

Profesor de xornalismo en Compostela, membro da RAG e director de Galaxia, Freixanes é unha figura clave na cultura galega. Logo dunha paréntese de moitos anos, regresa á actualidade literaria un dos escritores vivos máis galardoados.

Víctor F. Freixanes: como un torrente

Foi gañador dos premios Torrente Ballester e Blanco Amor



LIBROS

VICENTE ARAGUAS

“Cabalo de ouros” (Editorial Galaxia, Vigo, 2010) supón a volta á narrativa de Víctor F. Freixanes. Despois de anos entregado a outro tipo de mesteres, sempre vencellados á literatura en todo caso, mais que atrancan a evolución dun autor que en circunstancias normais tería publicado cando menos o dobre de títulos.

Con “Cabalo de ouros” Freixanes volve en parte ao mundo aquel de “O triángulo inscrito na circunferencia”, libro relampo que brillara moi forte na literatura galega dos tempos da Transición –tamén para ela–, e que nos falaba do gusto que Víctor experimenta cara ao realismo-máxico “ma non troppo”. Ou sexa, sen excesos anatómicos nin levitacións, de persoas, animais ou cousas.

Que Freixanes é dos que se apegan á realidade por máis que sen deixar que esta vista a capa mostrenca. Eis o seu idealismo, que se nutre dunha linguaxe riquísima, vizosa, servindo de coroa a unha caterva de elementos que se van vencellando, na súa última novela, nunha cadea sen fin, na que a servidume de paso é razón abondo para que os personaxes dean en bater os uns contra dos outros mais sen colisións porque están manexados por man perita.



Freixanes, co conselleiro de Cultura, Roberto Varela

“Cabalo de ouros”
Víctor Freixanes
Galaxia / 19 euros

Que algo debe a Torrente no embridamento das situacións parnormais –digamos– e a Camilo José Cela nas ringleiras onomásticas que van poboando as estadeas dispostas por Freixanes.

Amante da novela histórica –como medio, nunca como fin– e tamén do “underground” intrahistórico que xaz baixo do que foi. Tamén do que sen chegar a ser estivo, ou puido ter estado (ou sido). Daquela xorden as historias (moitas) de “Cabalo de ouros”, cunha partida de naipes intensísima como alibi ou pretexto para enguedellar sucesos da época en que o wólfam, co seu ouveo de lobo, conformara poboados e atmósferas semellantes aos que aprendimos nas novelas e películas do Far West. O wólfam na Galicia da posguerra, cando houbera diñeiro a mancheas nos lugares habitados por este.

Os que Freixanes revisita agora mentres recompón os cristais transparentes de Vilanova de Al-

CONTRASTE

Como sempre en Freixanes é de admirar a súa caligrafía pulquérriba, o coidado extremo no estilo

ba, e reconstrúe as ringleiras, nomes e feitos, que foron erguendo os ouriflamos vilanovenses, Pontevdra ao fondo.

Como sempre en Freixanes é de admirar a súa caligrafía pulquérriba, o coidado extremo que pon no estilo, selo ou carimbo da casa. E como de costume Freixanes é dunha asepsia total en materia erótica. Co que lembro aquilo que lle dicía o recentemente finado Varela Jácome a propósito de “O triángulo inscrito na circunferencia”: “Que gran novela, Víctor, lástima dun polvo de cando en vez, mais que nada para darlle un pouco de pementa ao choio”. Brincadeiras á parte digamos xa que nesta última novela está Víctor F. Freixanes en estado purísimo, pródigo, prolixo, torrencial como sempre, apetecible, opíparo. Non o perdan.